

Luns, 19 de xuño de 2017

Núm. 116

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
SANXENXO

Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE EMPRÉSTITO DE
AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO*

ANUNCIO

Aos efectos de cumprimentar o disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local se publica íntegro o texto do “REGULAMENTO DO SERVIZO DE EMPRÉSTITO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE SANXENXO” unha vez aprobada definitivamente por non haberse presentado ningunha reclamación á aprobación inicial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Sanxenxo publicada no BOP do 30 de abril de 2014, establece no artigo 6.2. que, con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención: [...]

e. Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º. OBXECTO

É obxecto deste documento a regulación do servizo de empréstito de axudas técnicas a desenvolver polo Concello de Sanxenxo tal e como se recolle no regulamento municipal do Servizo de Axuda no Fogar

ARTIGO 2º. NATUREZA, DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO

O servizo de empréstito de axudas técnicas é un tipo de atención complementaria do Servizo de Axuda no Fogar, servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de axudas técnicas ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.



Segundo o artigo 6.2.e do regulamento municipal do Servizo de Axuda no Fogar enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

O servizo de empréstito de axudas técnicas poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso complementario idóneo.

Son obxectivos do servizo de empréstito de axudas técnicas:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio
- Previr situacións de dependencia e exclusión social
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Apoiar as persoas coidadoras nas tarefas cotiás

ARTIGO 3º. CATÁLOGO DE AXUDAS TÉCNICAS

- Camas articuladas
- Grúas
- Outra tipoloxía de axudas susceptibles de incorporarse a dito catálogo

Aceptaranse doazóns de axudas técnicas en perfecto estado que se formalizarán mediante contrato. O feito de que unha persoa doe unha axuda técnica non lle dará prioridade no caso de solicitar con posterioridade o empréstito dunha axuda técnica. En ningún caso o material entregado nas doazóns poderá ser recuperado polo donante das mesmas.

ARTIGO 4º. PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISITOS

O servizo de empréstito de axudas técnicas estará aberto a tódalas persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

Os requisitos para poder acceder ao servizo son:

- Empadramento e residencia no Concello de Sanxenxo
- Valoración médica de necesidade de axudas técnicas por encontrarse en situación de dependencia por enfermidade e/ou deficiencia física, mental, intelectual, ou sensorial, que dificulten a realización das actividades básicas da vida diaria.
- Condicións mínimas de habitabilidade da vivenda.



ARTIGO 5º. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

Os dereitos das persoas usuarias do servizo veñen recollidos con carácter xeral na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común.

De forma concreta terán os seguintes dereitos:

- Recibir en condicións óptimas e en bo estado a axuda técnica que solicita
- Ser informados previamente de calquera modificación nas condicións do servizo
- Recibir información sobre o manexo da axuda técnica.

ARTIGO 6º. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As obrigas das persoas usuarias do servizo veñen recollidos con carácter xeral na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común.

De forma concreta terán os seguintes dereitos:

- A destinar a prestación á finalidade para a que se lle concede
- Destinar a axuda técnica exclusivamente ao beneficiario, sen que poda ser arrendada ou cedida a terceiros
- Permitir e facilitar a labor dos profesionais implicados
- Devolver a axuda unha vez finalizado o seu uso e no lugar que se indique
- Devolver o material prestado en boas condicións. En caso contrario a persoa usuaria ou herdeiros terán que facer fronte ó coste da reparación ou reposición.
- Comunicar calquera variación na súa situación no prazo de dez días dende que se produza.

ARTIGO 7º. DURACIÓN

Este servizo prestarase por un período máximo de 3 meses co obxectivo de resolver situacións urxentes xurdidas de xeito imprevisto para os interesados. O empréstito poderá prorrogarse, previa valoración técnica, para as solicitudes cunha capacidade económica igual o menor que o 150% do IPREM.

ARTIGO 8º. SEGUIMENTO DAS AXUDAS

A traballadora social de referencia realizará o seguimento da situación de necesidade, do destino dado á prestación, así como da valoración do nivel de cumprimento por parte dos beneficiarios das obrigas establecidas.

ARTIGO 9º. CAUSA DE EXTINCIÓN DO SERVIZO

Son causas de extinción do servizo de empréstito de axudas técnicas as seguintes:

- A renuncia expresa da persoa usuaria
- O traslado definitivo da súa residencia a outro concello
- Defunción da persoa usuaria



Luns, 19 de xuño de 2017

Núm. 116

- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo
- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións do empréstito nas que fora concedido inicialmente.

ARTIGO 10º. RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Non se pode recibir a mesma axuda técnica por dúas vías diferentes.

CAPÍTULO II: PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 11º. PROCEDIMENTO

O procedemento para a concesión do empréstito poderá iniciarse de oficio ou a instancia de parte.

Si se inicia de oficio, deberá garantirse na súa tramitación os requisitos e circunstancias documentais fixados para o caso de que se iniciase a instancia de parte.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo segundo o modelo do anexo I, debidamente firmadas pola persoa usuaria, representante legal ou gardador de feito.

As solicitudes deberán ir acompañadas pola seguinte documentación:

- DNI do solicitante e do beneficiario
- Acreditación documental da residencia no municipio, mediante volante de empadramento
- Xustificante de ingresos económicos actuais do solicitante, cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade, economicamente a cargo da persoa solicitante.
- Informe médico valorando a necesidade da axuda técnica solicitada
- Outros documentos que se consideren necesarios.

Se a solicitude non reúne os requisitos requirírase ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles subsane as faltas ou acompañe os documentos preceptivos, tendo en conta que de non facelo entenderase por desistida a súa petición..

O/A Traballador/a Social elaborará un informe-proposta (anexo II) que será elevado ao órgano competente para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de un mes dende que o expediente estea completo.

En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo (anexo III). No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.



Luns, 19 de xuño de 2017

Núm. 116

No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais comunitarios, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante, ata un máximo de tres meses. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Para o inicio do empréstito será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV.

ANEXO I
SOLICITUDE DO SERVIZO DE EMPRÉSTITO DE AXUDAS TÉCNICAS

<i>SOLICITANTE</i>			
NOME E APELIDOS		DNI	
ENDEREZO		TELF.	
RELACIÓN BENEFICIARIO/A			

<i>BENEFICIARIO/A</i>			
NOME E APELIDOS		DNI	
ENDEREZO		TELF.	

<i>AXUDA TÉCNICA SOLICITADA</i>		<i>DOCUMENTACIÓN</i>	
	GRÚA		DNI
	CARMA ARTICULADA		VOLANTE EMPADROAMENTO
	OUTROS:		XUSTIFICANTE DE INGRESOS
			INFORME MÉDICO
			OUTROS

Solicito o préstamo temporal da axuda técnica sinalada anteriormente para a súa utilización por necesidade e segundo o reglamento vixente.

Declaro que son certas as manifestacións realizadas sobre a miña situación persoal, social e familiar. Así mesmo comprométome a presentar toda a documentación recollida no artigo 14, ou solicitada con carácter adicional ou complementario polo concello. Da mesma maneira, comprométome a comunicar as variacións ou as modificacións da situación inicial orixinaria da petición do servizo de empréstito de axudas técnicas.

Sanxenxo, de de

Asdo.: A persoa usuaria ou persoa que o represente.

SR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE SANXENXO

Código seguro de verificación: PZBK3Z10GZOUZU9G



Luns, 19 de xuño de 2017

Núm. 116

Consorte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados ao ficheiro de Servizos Sociais, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no rexistro xeral do concello.

ANEXO II
INFORME PROPOSTA

Emitido por: Traballadora Social municipal.

Motivo: Solicitude de empréstito de axudas técnicas

Referido a:

Dirixido a: Concelleira de Benestar Social, Educación, Normalización Lingüística e Cultura do Concello de Sanxenxo.

Data:

PRIMEIRO.—DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

- SOLICITANTE
- BENEFICIARIO/A DA AXUDA TÉCNICA
 - Apelidos e nome:
 - DNI
 - Enderezo:
 - Teléfono:

SEGUNDO.—DATOS ECONÓMICOS

- CAPACIDADE ECONÓMICA:

TERCEIRO.—AXUDA TÉCNICA SOLICITADA

- AXUDA TÉCNICA SOLICITADA:

CUARTO.—VALORACIÓN DA CONCESIÓN / DENEGACIÓN / PRÓRROGA:

Tendo en conta a lexislación vixente que afecta a este servizo:

- A ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Sanxenxo (aprobada no Pleno de 27/01/14, publicada en el BOP nº 82 de 30/04/14, con entrada en vigor o 01/05/14)



Luns, 19 de xuño de 2017

Núm. 116

- O Regulamento do Servizo de Empréstito de Axudas Técnicas do Concello de Sanxenxo (aprobada en Pleno o, publicada no BOP nº..... de, con entrada en vigor o)

Valorados a necesidade da axuda técnica solicitada (determinada por informe médico), os datos económicos e demais que afectan ó presente expediente procede:

a) A concesión da axuda técnica solicitada por cumprir tódolos requisitos, cunha puntuación do baremo de puntos.

b) A denegación da axuda técnica solicitada por incumprimentos dos requisitos necesarios:

.....

c) A prórroga da axuda técnica concedida por un período de

Sanxenxo, de de 201.....

A Traballadora Social

ANEXO III

BAREMO DO SERVIZO DE EMPRÉSTITO DE AXUDAS TÉCNICAS

<i>BENEFICIARIO/A</i>			
NOME E APELIDOS		DNI	
AXUDA TÉCNICA SOLICITADA			

SITUACIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA (non excluíntes)

Convivencia con outros membros en situación de convivencia	4 PUNTOS
Vive soa, sen familiares	5 PUNTOS
Vive soa con familiares, conta con familiares que non prestan apoio	3 PUNTOS
Vive soa con familiares que prestan apoio	2 PUNTOS
Vive con familiares con limitacións para prestar apoio	4 PUNTOS
Vive con familiares con capacidade para prestar apoio	2 PUNTO

SITUACIÓN ECONÓMICA

Menor de 0,90 IPREM	5 PUNTOS
Maior de 0,90 e menor ou igual a 1,20 IPREM	4 PUNTOS
Maior de 1,20 e menor ou igual a 1,50 IPREM	3 PUNTOS
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	2 PUNTOS
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	1 PUNTO
Maior de 2,50 IPREM	0 PUNTOS

Código seguro de verificación: PZBK3Z10GZOUZU9G



Luns, 19 de xuño de 2017

Núm. 116

ACTIVIDADES DA VIDA COTIÁ (excluíntes)

Situación de encamamento	5 PUNTOS
Situación de semiencamamento	5 PUNTOS
Necesidade de apoio para transferencias corporais	5 PUNTOS
TOTAL	... PUNTOS

Sanxenxo, de de

Asdo.: A Traballadora Social.

ANEXO IV

ACORDO DO SERVIZO DE EMPRÉSTITO DE AXUDAS TÉCNICAS

Reunidos en Sanxenxo o día dunha parte don/dona.....
.....con DNI:....., ou na súa representación don/dona
....., con DNI:, en calidade de

E doutra a Traballadora Social de referencia do Concello de Sanxenxo, ACORDAN, en base á resolución de Presidencia de data

1.—Que o Concello de Sanxenxo emprestará un (axuda técnica), dende o día dede20..... .

2.— Que o empréstito levarase a cabo por un período de, comprometéndose o/a beneficiario/a a devolver a axuda técnica en boas condicións.

3.—Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a traballadora social, sendo anexadas ao acordo orixinal.

4.—Que o servizo prestarase atendendo ás condicións do Regulamento do Servizo de Empréstito de Axudas Técnicas, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria, incompatibilidades e causas de extinción.

5.—Que existe un libro de queixas e reclamacións a disposición das persoas usuarias nas dependencias do Concello.

6.—Que co presente acordo do servizo se lle entrega a persoa usuaria unha copia do Regulamento do Servizo de Empréstito de Axudas Técnicas

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

En Sanxenxo, a dede 20.....

A persoa usuaria

A Traballadora Social .

Código seguro de verificación: PZBK3Z10GZOUZU9G



Luns, 19 de xuño de 2017

Núm. 116

Sanxenxo, 08 de xuño de 2017

O alcalde

Telmo Martín González

Código seguro de verificación: PZBK3Z10GZOUZU9G

